

INSTRUCCIÓN XERENCIAL RELATIVA AOS CRITEIROS DE APLICACIÓN PARA RECOÑECIMENTO DE SERVIZOS PREVIOS AO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR LABORAL

O II convenio colectivo para o persoal laboral docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo dedica o artigo 29 ao réxime de antigüidade do persoal no seguintes termos:

"Artigo 29º.-Antigüidade.

1. O persoal docente e investigador contratado con vinculación permanente percibirá en concepto de antigüidade, por cada tres anos de servizos prestados, unha cantidade anual igual á dos funcionarios do subgrupo A1. Para este persoal computaranse os servizos previos prestados á Administración pública, consonte os requisitos e criterios establecidos na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

2. Para os efectos de antigüidade, os profesores colaboradores e os profesores axudantes doutores terán o mesmo tratamento que o persoal docente e investigador con vinculación permanente.

O restante persoal docente e investigador contratado percibirá en concepto de antigüidade, por cada tres anos de servizos prestados no ámbito docente ou investigador das universidades públicas de Galicia, unha cantidade anual igual á dos funcionarios do subgrupo A1.

Quedan excluídos da percepción de retribución por este concepto os profesores asociados e os profesores asociados de ciencias da saúde.

Os servizos prestados simultaneamente nun segundo posto ou actividade no sector público non computarán para os efectos de trienios nin de pagas extraordinarias. Os trienios e as pagas extraordinarias só se poderán percibir por un dos postos.

A contía da antigüidade do persoal con dedicación a tempo parcial reducirase na mesma proporción en que se reduza o salario base.

Este concepto incluírase tanto nas pagas ordinarias como extraordinarias. A súa contía recóllese na táboa salarial que se engade como anexo."

Coa finalidade de clarificar o alcance deste artigo, esta Xerencia dita os seguintes criterios de aplicación:

Primeiro.- Procederase ao recoñecemento de todos os servizos prestados no ámbito das diferentes Administracións Públicas, de acordo coas previsións establecidas na Lei 70/1978, ás seguintes categorías:

- Contratados doctores.
- Colaboradores, contratados doutores interinos e axudantes doctores.

Segundo.- Procederase ao recoñecemento dos servizos prestados no ámbito docente ou investigador das universidades públicas de Galicia, incluídos os servizos prestados como persoal investigador e persoal investigador en formación contratados, de conformidade co establecido no artigo 4.1 b) e c) do convenio colectivo relativo ao ámbito de aplicación, ás seguintes categorías:

- Axudantes, lectores, interinos de substitución e visitantes.


Terceiro.- Non procede o recoñecemento de servizos prestados, de conformidade co artigo 29.2, ás seguintes categorías:

- Profesores/as asociados e profesores/as asociados de ciencias da saúde.

Cuarto.- Respecto do persoal contratado de conformidade co disposto no artigo 4.1 b) e c) do convenio colectivo, estarase ao regulado na normativa, programa, convocatoria ou axuda da que derive o seu contrato de traballo.

Vigo, 29 de decembro de 2014

O XERENTE,


Manuel Fernández Jauregui